



### XUNTA DE GALICIA

#### DIRECCIÓN XERAL DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

##### Anuncio

**Resolución do 27 de xuño de 2019 da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública referente a convocatoria das probas selectivas para o ingreso e acceso aos corpos de Policía Local de distintos concellos.**

No Diario Oficial de Galicia número 115, de 19 de xuño de 2019, publicouse a Orde de 31 de maio de 2019 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso, na cal se establecen as bases xerais que rexen esa convocatoria, número e características das prazas convocadas que a continuación se sinalan:

Concello	Nº de prazas	Denominación	Escala	Categoría	Grupo	Nivel	Procedemento de selección
A Coruña	30	Policía local	Básica	Policía	C1	18	Oposición
A Guarda	3	Policía local	Básica	Policía	C1	20	Oposición
Bueu	3	Policía local	Básica	Policía	C1	15	Oposición
Cangas	10	Policía local	Básica	Policía	C1	16	Oposición
Fene	1	Policía local	Básica	Policía	C1	20	Oposición
Ferrol	12	Policía local	Básica	Policía	C1	16	Oposición
Fisterra	2	Policía local	Básica	Policía	C1	20	Oposición
Gondomar	2	Policía local	Básica	Policía	C1	18	Oposición
Lugo	14	Policía local	Básica	Policía	C1	17	Oposición
Marín	2	Policía local	Básica	Policía	C1	17	Oposición
Moaña	1	Policía local	Básica	Policía	C1	20	Oposición
Mugardos	1	Policía local	Básica	Policía	C1	20	Oposición
Narón	3	Policía local	Básica	Policía	C1	16	Oposición
O Grove	3	Policía local	Básica	Policía	C1	18	Oposición
Ortigueira	1	Policía local	Básica	Policía	C1	16	Oposición
Ponteareas	3	Policía local	Básica	Policía	C1	20	Oposición
Pontedeume	2	Policía local	Básica	Policía	C1	16	Oposición

Redondela	7	Policía local	Básica	Policía	C1	16	Oposición
Rianxo	1	Policía local	Básica	Policía	C1	18	Oposición
Ribadeo	1	Policía local	Básica	Policía	C1	16	Oposición
Ribeira	1	Policía local	Básica	Policía	C1	17	Oposición
Sada	3	Policía local	Básica	Policía	C1	18	Oposición
Santiago de Compostela	12	Policía local	Básica	Policía	C1	16	Oposición
Valdoviño	2	Policía local	Básica	Policía	C1	20	Oposición
Vilagarcía de Arousa	6	Policía local	Básica	Policía	C1	16	Oposición
Vilalba	3	Policía local	Básica	Policía	C1	18	Oposición
Viveiro	2	Policía local	Básica	Policía	C1	18	Oposición
Xinzo de Limia	1	Policía local	Básica	Policía	C1	18	Oposición
<b>TOTAL ACCESO LIBRE</b>	132						

Concello	Nº de prazas	Denominación	Escala	Categoría	Grupo	Nivel	Procedemento de selección
Cangas	2	Policía Local	Básica	Policía	C1	16	Concurso
Ferrol	4	Policía local	Básica	Policía	C1	16	Concurso
Gondomar	1	Policía local	Básica	Policía	C1	18	Concurso
Lugo	4	Policía local	Básica	Policía	C1	17	Concurso
Ponteareas	1	Policía local	Básica	Policía	C1	20	Concurso
Redondela	2	Policía local	Básica	Policía	C1	16	Concurso
Ribadeo	1	Policía local	Básica	Policía	C1	16	Concurso
Sada	2	Policía local	Básica	Policía	C1	18	Concurso
Santiago de Compostela	4	Policía local	Básica	Policía	C1	16	Concurso
Vilagarcía de Arousa	3	Policía local	Básica	Policía	C1	16	Concurso
Vilalba	1	Policía local	Básica	Policía	C1	18	Concurso
Viveiro	1	Policía local	Básica	Policía	C1	18	Concurso
<b>TOTAL MOBILIDADE</b>	26						

O prazo de presentación de instancias será de 20 días hábiles a contar dende o día 27 de xuño de 2019, día seguinte a publicación deste anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Os sucesivos anuncios deste convocatoria, faranse da forma establecida nas bases de mesma.

A Estrada, 27 de xuño de 2019. Santiago Villanueva Álvarez. Director xeral da AGASP.

R. 2214

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.  
DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

*Anuncio*

**Resolución do 13 de xuño de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede autorización administrativa previa e de construción para unha instalación eléctrica no concello de Lugo. (nº expte. IN407A 2018/ 8635-AT)**

Visto o expediente para autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a seguir se cita:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: REFORMA Y TELEMANDO OCR ARIEIRAS (9170)
- Situación: concello de Lugo
- Características Técnicas:

Reforma do OCR Arieiras (9170), cunha potencia instalada de 250kVA, consistente en:

- OBRA CIVIL

Sanear e rebozar e pintar paredes, teito e chan, realización dun depósito de recollida de aceite, instalación de mampara de protección, instalación de reixa de ventilación e porta de acceso ao local e construción de canles de cables.

- OBRA ELECTRICA

Instalación de unha cela de liña, unha de protección e catro de interruptor todas elas telemandadas, instalación de novas pontes entre o CT e o cadro de baixa e entre o CT e as celas de MT, novo circuito de terras e alumado, novo cadro de baixa tensión con ampliación e desmontaxe da apartamenta e embarrado ao aire de media tensión.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), esta xefatura territorial, tendo en conta a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e as competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, e o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Empleo e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito

Lugo, 13 de xuño de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 1737

*Anuncio***Resolución do 13 de xuño de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede autorización administrativa previa e de construción para unha instalación eléctrica no concello de Ribadeo. (Exp. 8699-AT)**

Visto o expediente para autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a seguir se cita:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "Soterramento da LMT Devesa Derivación a CT (4887) Coto Siñeira"
- Situación: concello de Ribadeo
- Características Técnicas:

Liña de media tensión aérea consistente na instalación de dous apoios tipo C-3000/14 -TA (CA) + PAS baixo da LMT existente.

Liña de media tensión soterrada en canalización proxectada con orixe nun paso aéreo a soterrado ubicado nun dos apoios proxectados e final no outro paso aéreo a soterrado ubicado no outro apoio proxectado, cunha lonxitude de 160 metros en conductor RHZ1-250mm.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), esta xefatura territorial, tendo en conta a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e as competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, e o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Empleo e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito

Lugo, 13 de xuño de 2019 xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 1738

*Anuncio***Resolución do 13 de xuño de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede autorización administrativa previa e de construción para unha instalación eléctrica no concello de Foz. (Exp. N.º 8711AT)**

Visto o expediente para autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a seguir se cita:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "L.M.T. Subterránea, C.T. Hotel playa Foz y R.B.T.S. para apartahotel"
- Situación: concello de Foz
- Características Técnicas:

· LMT soterrada con orixe no CT Costa Blanca e final no CT Proxectado cunha lonxitude de 275 metros en conductor RHZ1-150 e LMT soterrada con orixe no CT proxectado e final no CT Cantábrico cunha lonxitude de 20 metros en conductor RHZ1-95 recuperado en obra.

- CT Hotel Playa Foz, cunha potencia máxima admisible de 250KVA e unha potencia instalada de 250KVA, relación de transformación 20.000/400-230V.
- Liña soterrada de baixa tensión con orixe no cadro de baixa tensión do CT proxectado, cunha lonxitude de 15 metros en condutor tipo RV-240.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), esta xefatura territorial, tendo en conta a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e as competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, e o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito

Lugo, 13 de xuño de 2019 xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 1739

### Anuncio

#### **Resolución do 09 de xullo de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Rábade. (expediente IN407A 2019-11AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "LMTS SIGALSA 1- SARIOGO Y SUSTITUCIÓN DE CT SIGALSA 1"
- Situación: concello de Rábade
- Características técnicas:
  - Liña de media tensión soterrada en canalización existente e proxectada con orixe nunha cela de liña existente ubicada no CS Sariego (14854), entra e sae no CT proxectado Sigalsa 1 e remata nunha cela existente ubicada no CS Gal. Agrícola, cunha lonxitude de 280 metros en condutor RHZ1-240mm.
  - Liña de media tensión soterrada en canalización proxectada con orixe nunha cela de protección proxectada ubicada no CT proxectado Sigalsa 1 e remata nunha cela de liña existente ubicada no CS Conlusa (4596), cunha lonxitude de 45 metros en condutor RHZ1-240mm.
  - CT prefabricado Sigalsa 1, no cal se instalan dúas celas de liña e tres de protección, cunha potencia proxectada de 2x630Kvas e unha relación de transformación de 20.000/400-230V.
  - RBT´s soterradas do CT Sigalsa 1, con orixe nos cadros de baixa tensión do CT proxectado e final nas RBT´s existentes en condutores tipo RV.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se

aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 9 de xullo de 2019.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 2225

---

## CONCELLOS

### GUNTÍN

#### *Anuncio*

ANUNCIO da publicación no **Boletín Oficial do Estado nº 172 (V. ANUNCIOS. B. Outros anuncios oficiais – Administración Local)** referente á convocatoria do proceso selectivo para proveer dúas prazas de persoal laboral interino ata a cobertura definitiva da praza e condicionado á efectiva continuidade do servizo do Punto de Atención á Infancia de nova creación:

- Unha praza de Técnico de Atención á Infancia.
- Unha praza de persoal de apoio.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais a contar desde o seguinte ao da publicación da convocatoria no BOE.

Data de publicación do anuncio no BOE Nº 172: 19 de xullo de 2019

Guntín, 19 de xullo de 2019.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2292

---

## LÁNCARA

#### *Anuncio*

Anuncio selección un condutor VMB

Ampliación de prazo para a convocatoria de selección de persoal laboral temporal para 1 condutor de vehículo motobomba, no marco do “Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Lánara para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural”.

A convocatoria e as bases aprobadas por decreto de alcaldía de 27 de xuño están colgadas na sede electrónica do Concello de Lánara na seguinte dirección <http://lancara.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación.

A Pobra de San Xiao (Lánara), 19 de xullo de 2019.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2291

## MONFORTE DE LEMOS

### Anuncio

#### BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR COMPLEMENTARIO CURSO 2019/2020

A Constitución española de 1978 consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

Os artigos 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL) e o artigo 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. Así mesmo, o artigo 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio) establece no artigo 4, que o ensino básico é obrigatorio e gratuíto para todas as persoas. Así mesmo, o artigo 83 prevé a existencia de bolsas e axudas ao estudo para garantir a igualdade no exercicio do dereito á educación.

Finalmente, a Lei 13/2008, 3 decembro que regula o Sistema galego de servizos sociais de Galicia contempla no catálogo de servizos sociais as prestacións económicas, tendo un carácter esencial as axudas de necesidade social.

Por todo isto, apróbase a concesión de bolsas complementarias ao estudo para o curso 2019/2020 no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

### BASES

#### 1. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario destinadas ao alumnado empadroadado no Concello de Monforte e escolarizado para o curso 2019/2020 en educación infantil (3-6 anos), educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial nalgún dos centros docentes públicos ou concertados existentes no municipio.

As axudas teñen como finalidade apoiar ás familias con menor renda per cápita do municipio que presenta dificultades económicas para afrontar o gasto que supón o obxecto da axuda.

#### 2. PERSOAS BENEFICIARIAS

Para ser beneficiario/a desta axuda é preciso cumprir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación das solicitudes:

1. Ser pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e custodia do alumno/a que no ano escolar da convocatoria correspondente vaian a cursar estudos nas etapas educativas de ensinanza indicadas nesta convocatoria, en calquera centro docente, público ou concertado, do Concello de Monforte de Lemos.
2. Que a renda per cápita da unidade familiar non supere o 55% IPREM para o ano 2019 (295,81€/mes) en cómputo anual (3.549,74€ ano por persoa). Para determinar a renda per cápita tomarase a renda da unidade familiar e dividirase polo número de membros da dita unidade como a continuación se especifica:

Nº membros UF	Ingresos netos mensuais	Ingresos anuais
2	591,61	7.099,44
3	887,43	10.649,16
4	1.183,24	14.198,88
5	1.479,05	17.748,6

Non se computarán os ingresos seguintes:

- Prestación familiar por fillo menor a cargo da Seguridade social
  - Prestacións económicas en aplicación da lei de dependencia
  - A axuda económica para vítimas de violencia de xénero regulada no RD 1452/2005, de 2 de decembro
3. Que a persoa solicitante así como os e as menores beneficiarios da mesma, se atopen empadroados e residan efectivamente no Concello de Monforte de Lemos no momento de presentación da solicitude.

4. Que a persoa solicitante estea ó día no pago das obrigas tributarias municipais ou no caso de ter débedas que exista compromiso de pagamento.

5. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Excepcionalmente, poderase eximir do requisito recollido no punto 2 previo informe da traballadora social de referencia dos servizos sociais municipais que terá carácter preceptivo pero non vinculante sempre que queden acreditadas as circunstancias de dita excepcionalidade.

### 3. RENDA PER CÁPITA

Os efectos destas bases reguladoras, enténdese por renda per cápita familiar a resultante de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2018 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade superior ou igual ó 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade social por incapacidade permanente ou a equivalente en clases pasivas.

A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentasen a declaración do imposto sobre a renda de 2018, para os efectos dos cálculos da renda familiar sumarán os recadros base impositivo xeral (recadro 415) e a base impositivo de aforro (recadro 435) da declaración.

No caso de non presentar declaración do imposto sobre a renda de 2018 teranse en conta os ingresos netos mensuais de todos os membros computables da unidade familiar segundo o establecido na base 8ª.

No obstante, cando as circunstancias económicas actuais non sexan coincidentes coa contía da declaración do IRPF no momento da presentación da solicitude da axuda, teranse en conta estas últimas, sempre que se xustifiquen documentalmente, tanto para o cálculo da renda per cápita como para a aplicación do baremo, segundo o establecido na base 8ª.

### 4. DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Para os efectos previstos nesta convocatoria, terán consideración de membros computables da unidade familiar:

- a) a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- c) c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e tódolos descendentes que convivan con eles.

Así mesmo, entenderase por familia monoparental a unidade familiar cando forme parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento, sendo este extremo xustificable documentalmente.

e) Non terá a consideración de membro computable:

- f) a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- g) b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e composición familiar no momento da presentación da solicitude.

### 5. CONTÍA E LÍMITE DAS AXUDAS

As axudas que se regulan nestas bases terán carácter único e non acumulativo, de tal maneira que só poderá concederse unha axuda por alumnado no mesmo ano para o mesmo concepto.

O contía máxima das axudas será a seguinte:

- 150 € para Educación Infantil por cada alumno/a.



- 100 € para Educación Primaria e por cada alumno/a.
- 120€ para Educación Secundaria Obrigatoria por alumno/a
- 150€ para alumnado matriculado nun centro de educación especial ou en unidades de educación especial de centros ordinarios ou cunha discapacidade superior ou igual ó 65% .

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, a contía da axuda reducirase en proporción ás solicitudes presentadas que cumpran cos requisitos recollidos no punto 2, así como coas puntuacións obtidas segundo os criterios de baremación do punto 10.º.

## 6. COMPATIBILIDADE

Estas axudas serán compatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade concedidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo total dos materiais subvencionados.

## 7. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 14.000 € euros con cargo á aplicación orzamentaria 231.480.02 do Orzamento xeral municipal para o ano 2019.

## 8. SOLICITUDES

A solicitude formalizarase no formulario normalizado que figura como anexo I e que estará dispoñible nas oficinas do Centro de Servizos Sociais Municipais emprazado na R/Paseo do Malecón s/n ,no Rexistro Xeral do Concello sito en Campo de San Antonio s/n ou na páxina web municipal.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento:

- h) Modelo normalizado de solicitude (**Anexo I**)
- i) Certificado do centro educativo onde conste o curso no que se atopa matriculado para o curso 2019/20, que se atopa pendente matrícula ou que o alumno/a se atopa nunha unidade de educación especial de centros ordinarios (**Anexo II**)
- j) Fotocopia do D.N.I. ou no caso de ser estranxeiro/a, pasaporte ou tarxeta de permiso de residencia da persoa solicitante e membros da unidade de convivencia maiores de 14 anos.
- k) Fotocopia do Libro de familia completo ou, no seu defecto, documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.
- l) Título de Familia Numerosa.
- m) Certificado de empadramento e convivencia no que o menor/es figure/n empadrado/s coa persoa solicitante, **no caso de non autorizar a súa consulta na solicitude.**
- n) Certificado de estar ó día no pago das obrigas tributarias municipais, **no caso de non autorizar a súa consulta.** No caso de existir débedas, xustificante de compromiso de pagamento fraccionado emitido pola oficina de recadación municipal.
- o) Fotocopia da **Declaración da Renda do ano 2018** de todos os membros da unidade familiar ou, no seu defecto, certificado emitido pola Axencia Tributaria de non estar na obriga de presentala.
- p) No caso de que algún dos membros da unidade de convivencia non estea obrigado a presentar a declaración da renda ou se aleguen circunstancias económicas especiais non coincidentes coa presentación do IRPF solicitado no punto anterior, presentarse a seguinte documentación:
  1. En activo: Nóminas de Marzo, abril e Maio de 2019 e Certificación empresa 2018.
  2. Desempregados: Tarxeta de demanda de emprego e certificación do Servizo público de emprego de Galicia conforme percibe ou non prestación por desemprego e da Seguridade Social conforme percibe ou non algún tipo de prestación.
  3. Pensionistas: Xustificación da pensión emitida polo organismo competente.
  4. Perceptores de salario social: Resolución actualizada da concesión da prestación.
- q) No caso de separación/divorcio legal achegarase a copia da sentenza de separación, divorcio, nulidade do matrimonio ou medidas paterno filiais respecto ó/á menor, xunto co convenio regulador ou, en defecto destes, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor de fillo/a a cargo.
- r) No caso de separación de feito achegarase xustificante da interposición da demanda de divorcio ou calquera documentación avale esta situación.
- s) No caso de viuvez da nai/pai acreditarase mediante certificado de defunción.

- t) No caso de discapacidade e/ou dependencia dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá presentarse: certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33% ou resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente no termos de total, absoluta, gran invalidez ou documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- u) No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar documentación acreditativa.
- v) En caso de adopción, acollemento ou tutela, documento acreditativo emitido polo órgano competente.
- w) Acreditación documental doutras circunstancias a ter en conta na baremación da solicitude

No suposto de que algúns dos documentos requiridos non podan presentarse por impedimento legal ou administrativo substituirase por unha declaración xurada con compromiso de achegalo durante a tramitación do procedemento (**Anexo III**)

## 9. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A solicitude e documentación presentarase no Rexistro dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos emprazado na secretaría do Centro Cívico Social, no Paseo do Malecón s/n, no Rexistro Xeral do Concello, no Campo de San Antonio s/n, C.P. 27400, Monforte de Lemos, Lugo ou a través da sede electrónica municipal ([www.sede.monfortedelemos.es](http://www.sede.monfortedelemos.es)).

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto das bases e convocatoria no boletín oficial da provincia (BOP). As bases estarán a disposición das persoas interesadas nas dependencias dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos, no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web do Concello a partires desa data.

De acordo co artigo Art. 68 da Lei 35/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, se as solicitudes presentadas non reunisen os requisitos sinalados, requirirase ás persoas interesadas para que no prazo máximo e improrrogable de dez días emenden a falta ou acompañe os documentos preceptivos. No caso de non facelo teráselle por desistido da súa petición e arquivarase o expediente.

Estas bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo(BOP) e posteriormente remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ao BOP do extracto desta.

## 10. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS E A SÚA PONDERACIÓN

Para a concesión das axudas puntuarase en función dos seguintes criterios en base as circunstancias sociofamiliares:

1. Familia monoparental debidamente acreditada: 2 puntos
2. Familias numerosas valorarase con :
  - i. Familias con 3 fillos/as: 2 puntos
  - ii. Familias con mais de 3 fillos/as: 4 puntos
3. Por cada un dos membros da unidade familiar cunha discapacidade e/ou dependencia recoñecida:
  - i. Discapacidade igual ou superior o 33% e inferior a 65% ou dependencia moderada:2 puntos
  - ii. Discapacidade igual o superior o 65% ou dependencia severa/gran dependencia: 4 puntos
4. Familias incluídas no servizo de educación e apoio familiar municipal: 2 puntos
5. Situación de violencia de xénero/doméstica: 2 puntos
6. Número de membros da unidade familiar que se atope en situación de desemprego:
  - i. Un membro en situación de desemprego: 2 puntos
  - ii. Dous ou mais membros en situación de desemprego: 4 puntos
7. Outras circunstancias familiares nas que se acredite unha situación de vulnerabilidade social debidamente acreditados (drogodependencias...): 2 puntos.

Unha vez realizada a valoración, e en base aos puntos acadados, o importe da subvención será o resultado de aplicar as seguintes porcentaxes:

- De 0 a 10 ptos..... 75% do importe previsto para cada axuda por alumno e nivel educativo.
- Maior de 10 ptos.....100% do importe previsto para cada axuda por alumno e nivel educativo.

## 11. PROCEDIMIENTO DE VALORACIÓN

A ordenación e instrución do procedemento corresponderalle ós servizos sociais que realizarán de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, previo informe de valoración da Comisión de valoración.

## 12. COMISIÓN DE VALORACIÓN

Constituirase unha Comisión de valoración composta pola Concelleira da área de servizos sociais e discapacidade, dúas técnicas dos servizos sociais comunitarios e un/unha técnico/a do servizo de Intervención, que terá como función a emisión dun informe no que se concrete o resultado da valoración das solicitudes de axudas presentadas.

Esta Comisión será a encargada de valorar as solicitudes presentadas conforme os criterios establecidos na base 10ª e de elaborar unha proposta de resolución que será elevada ó órgano competente para a adxudicación das axudas.

Así mesmo, a Comisión de valoración terá a competencia para interpretar as Bases reguladoras no caso de que poida xurdir algunha incidencia ó respecto.

## 13. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A proposta de resolución conterá os seguintes extremos:

- A. Relación de solicitantes aos que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada un deles.
- B. Especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración.
- C. No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta da resolución, resolverá o procedemento.

O prazo máximo de resolución será o establecido no artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de acordo co artigo 25.5 do mesmo texto normativo.

A resolución publicarase na páxina web municipal así como no centro de servizos sociais.

## 14. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As xerais recollidas no artigo 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións municipal, no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e as seguintes:

- A. Cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases da convocatoria.
- B. Responder da veracidade dos datos da solicitude.

## 15. FORMA E PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS.

Tras a resolución de concesión da axuda económica, as contías serán aboadas mediante a entrega dun vale, que será único por cada alumno e estará selado e asinado pola persoa coordinadora dos servizos sociais municipais.

Desde xeito, a persoa beneficiaria acudirá á secretaría do centro de Servizos Sociais do Concello para retirar o vale da axuda concedida no prazo de 1 mes desde a publicación da resolución de concesión. No caso de non retirar o vale no prazo establecido entenderase existe unha renuncia tácita e procederase a anular o vale. Do mesmo xeito, anularanse os vales cando se presente a renuncia expresa.

No caso do alumnado pendente de matrícula en setembro a entrega do vale estará condicionada á presentación do certificado de matriculación no curso 2019/20.

Unha vez que a persoa solicitante este en posesión do vale, poderá adquirir os libros e material escolar nas librarías de Monforte de Lemos, a súa libre escolla e polo importe máximo que figura no documento.

En caso de extravío do vale tanto pola persoa beneficiaria coma por librería non expedirán un novo vale.

Se o importe do material escolar adquirido é inferior ó valor do vale, o persoal do establecemento deberá establecelo na factura que emitirá o concello de Monforte de Lemos facendo constar o número de vales e o importe realmente gastado, perdendo a persoa beneficiaria a diferenza; se o importe fose superior ó do vale, o persoal do establecemento emitirá a factura polo importe do vale e a diferenza será facturada á persoa solicitante. O concello soamente asumirá a contía establecida no vale.

Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe de cada vale só pode ser utilizado nun único establecemento.

Unha vez entregado o material escolar a persoa solicitante entregará o vale asinado ó establecemento que quedará en posesión do mesmo.

A aceptación dos vales polos establecementos supón a aceptación das condicións desta convocatoria.

Os establecementos deberán presentar as facturas individualizadas acompañadas dos vales correspondentes no rexistro xeral do concello de Monforte de Lemos emprazado no Campo de San Antonio de Monforte de Lemos, detallando o material escolar adquirido con cada vale, debendo este, vir asinado polo solicitante e polo propio establecemento. As facturas deberán cumprir cos requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 polo que se aproba o Regulamento de facturación.

O prazo para presentar facturas rematará ó día 31 de outubro de 2019.

#### **16. CONTROL, APLICACIÓN, REVISIÓN E REINTEGRO DE SUBVENCÍONS**

O departamento correspondente poderá requirirle á persoa solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente, e tamén poderá dispor a comprobación oportuna dos datos consignados polos peticionarios.

Tendo en conta que as axudas desta convocatoria responden a unha determinada situación do perceptor comprobada previamente á concesión entenderase xustificada a mesma mediante a presentación das facturas por parte dos establecementos acompañadas dos correspondentes vales.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como os xuros de demora, nos casos previstos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei de Subvencións de Galicia (art. 36 e 37 respectivamente), e nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impidan.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamente a concesión da axuda e dicir ó emprego do importe recibido para finalidades distintas a adquisición de material escolar.
- c) Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das axudas, sempre que afecten ou se refiran o obxecto da subvención.

#### **17. RECURSOS**

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen prexuício de calquera outro recurso que estime procedente.

#### **18. PROTECCIÓN DE DATOS**

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Monforte de Lemos, con domicilio en Campo de Santo Antonio, s/n-27400 de Monforte de Lemos(Lugo), onde se poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento.

#### **19. DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Primeira.- Para o non previsto nas presentes bases estarase ó disposto na Ordenanza xeral reguladora de subvencións municipal e, de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006, de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Monforte de Lemos, 22 de xullo de 2019.- A Concelleira de servizos sociais e discapacidade, Gloria Prada Rodríguez.

R. 2302

**OUROL**

*Anuncio*

#### **Convocatoria de elección de Xuíz de Paz Substituto**

De conformidade co disposto nos artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz e 101 e 102 da Lei orgánica do Poder Xudicial, faise pública a convocatoria para a elección de Xuíz de Paz substituto do concello de Oourol.

#### **CONVOCATORIA:**

1º.- OBXECTO.- Elección de Xuíz de Paz substituto do concello de Oourol polo Pleno do Concello.

2º.- CONDICIÓN LEGAIS QUE DEBEN REUNIR OS SOLICITANTES.-

- Ser español.
- Ser maior de idade.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade que sinala o artigo 303 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

3º.- INCOMPATIBILIDADES.- As causas de incompatibilidade ás que se refiren os artigos 389 e seguintes da devandita lei orgánica, operarán con posterioridade ao nomeamento, mediante opción que efectúen os nomeados. Non constitúen causa de incompatibilidade a dedicación á docencia ou á investigación xurídica, e ao exercicio de actividades profesionais ou mercantís sempre que non impliquen asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza, non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estrito cumprimento dos deberes xudiciais.

4º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.- Quince días hábiles que comezarán a computarse a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

5º.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE COA SOLICITUDE.- A solicitude será facilitada nas oficinas municipais, e acompañarase da seguinte documentación:

- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do documento nacional de identidade.
- Certificación médica acreditativa de non estar impedido física ou psiquicamente para o exercicio da función xudicial.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2 da lei 68/1980, do 1 de decembro, no seu punto 1, a), referente a “ se se atopa inculpado ou procesado”.
- Xustificante dos méritos que, no seu caso, alegue o solicitante, (deberase especificar a profesión do solicitante).

6º.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.- No Rexistro Xeral do Concello, (de luns a venres, de 09:00 a 14:00 h), ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se a solicitude se presentara por correo ou nun rexistro diferente ao do concello de Oourol, deberase remitir ao fax do concello de Oourol (982 559002) ou ao correo electrónico [concellodeourol@concellodeourol.es](mailto:concellodeourol@concellodeourol.es) comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente antes da data de expiración do prazo, o documento xustificativo correspondente.

Oourol, 11 de xullo de 2019.- O Alcalde, Luis Pajón Camba.

R. 2215

### *Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do orzamento desta entidade correspondente ao exercicio 2018, exponse ao público polo prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas o día dez de xullo de dous mil dezanove. Durante este prazo e oito máis, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións, que serán examinadas por esta Comisión, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas á consideración do Pleno do concello para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas de conformidade co disposto no artigo 212.3.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Oourol, dez de xullo de dous mil dezanove.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2216

## PANTÓN

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía Nº140/2019 de 08 de xullo apróbanse as Bases do proceso selectivo e convocatoria para a contratación de tres peóns durante seis meses, como persoal laboral temporal a xornada completa, en base o Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa FOMENTO DO EMPREGO 2019:

- Tres peóns.

**Prazo de presentación de instancias:** cinco días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación deste anuncio (de 9:00 a 14:00 horas, no Rexistro xeral do concello), tamén poderán remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido na base sétima.

**Bases dos procesos de selección:** publicadas na páxina web do concello [www.concellodepanton.es](http://www.concellodepanton.es) e no Taboleiro de Edictos da Casa do concello.

Pantón, 11 de xullo de 2019.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2217

## O PÁRAMO

### *Anuncio*

De conformidade con lo previsto en el artículo 75.5 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local, se publican los acuerdos plenarios de 22 de junio de 2015, referentes a las retribuciones de los cargos con dedicación exclusiva y parcial, indemnizaciones y asistencias.

#### **I.- RETRIBUCIONES:**

Aprobar la dedicación exclusiva a favor de la Alcaldía , por el importe bruto de 27.000,00 euros dividido en 14 pagas. El régimen de dedicación sería 8 horas diarias.

Dedicación parcial a favor de el primer Teniente de Alcalde, D. Pablo Armesto Rodríguez, por el importe de 18.900,00 euros dividido en catorce pagas. El régimen de dedicación sería de 5 horas diarias

**II.- INDEMNIZACIONES:** Por los gastos efectivamente ocasionados en el ejercicio del cargo, las cuantías de:

- Dietas de kilometraje: 0,25 €/km. en el supuesto de uso del vehículo particular.
- Para la determinación de la cuantía de las dietas por manutención y alojamiento se estará a lo dispuesto en el grupo 1 del Anexo I del Real Decreto 462/2002 de 24 de mayo, sobre indemnizaciones por razón del servicio.

**III.- ASISTENCIAS:** Por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de la corporación de que forman parte, los miembros que no tengan dedicación exclusiva o parcial, percibirán una asistencia en la cuantía de 50,00 euros sesión del Pleno, 50,00 euros sesión de Junta de Gobierno y 50,00 euros Comisiones Informativas.

O Páramo, 12 de Julio de 2019.- EL ALCALDE, José Luis López López.

R. 2218

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### *Anuncio*

#### **CONSTITUCIÓN E COMPOSICIÓN E RÉXIME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.**

*O Concello de Pedrafita do Cebreiro, no pleno celebrado en sesión extraordinaria organizativa o día 27 de xuño de 2019, adoptou os seguintes acordos:*

**PRIMEIRO.-** Constituír a Comisión Especial de Contas, a quen lle corresponderá o exame, o estudo e o informe de todas as contas orzamentarias e extra orzamentarias que debe de aprobar o Pleno da Corporación.

**SEGUNDO.-** Determinar a seguinte composición por grupos políticos, para acomodar a súa composición á proporcionalidade existente entre tódolos grupos políticos representados na Corporación:

-1 representante do Grupo Mixto.

-3 representantes do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia (P.S. de G.)

A presidencia será ostentada polo Sr. Alcalde, D. José Luís Raposo Magdalena.

**TERCEIRO.-** As sesións ordinarias celebraranse con anterioridade ao momento en que deba convocarse e notificarse a orde do día das sesións de carácter ordinario a celebrar polo Pleno municipal.

**CUARTO.-** A adscripción concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte das mesmas, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do/a Voceiro/a do mesmo, dirixido ao Alcalde, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente para cada titular.

Pedrafita do Cebreiro, 15 de xullo de 2019.-O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2226

*Anuncio***CONSTITUCIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL PARA O ESTUDO E INFORME DO SISTEMA DE XESTIÓN DA RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES “ MANUEL VILLASOL”.**

*O Concello de Pedrafita do Cebreiro, no pleno celebrado en sesión extraordinaria organizativa o día 27 de xuño de 2019, adoptou os seguintes acordos:*

**PRIMEIRO.-** Constituír a Comisión Especial para o Estudo e Informe do sistema de Xestión da Residencia e Centro de día para persoas maiores “ Manuel Villasol”.

**SEGUNDO.-** Determinar a seguinte composición por grupos políticos, para acomodar a súa composición á proporcionalidade existente entre tódolos grupos políticos representados na Corporación:

- 1 Presidente, cargo que ostentará o Alcalde ou Concelleiro en quen delegue.
- 1 representante do Grupo Mixto.
- 2 representantes do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia (P.S. de G.)
- Secretario/a : O Secretario/a da Corporación ou funcionario en quen delegue.
- Técnico/a: Traballador/a Social do Concello con voz e sen voto.

**TERCEIRO.-** As sesións ordinarias celebraranse con anterioridade ao momento en que deba convocarse e notificarse a orde do día das sesións de carácter ordinario a celebrar polo Pleno municipal.

**CUARTO.-** A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte das mesmas, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do/a Voceiro/a do mesmo, dirixido ao Alcalde, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente para cada titular.

Pedrafita do Cebreiro, 15 de xullo de 2019.-O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2227

**SARRIA***Anuncio*

**Por parte do Concello de Sarria vaise proceder a seguinte contratación laboral temporal de persoal para a Brigada contra Incendios Forestais:**

**3 Conductores de motobomba.**

**1 Xefe de grupo de Brigada.**

**1 Conductor Brigada.**

**3 Peóns Brigada.**

**Prazo de presentación de instancias:** 10 días naturais, contados o día seguinte en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Bases para a selección, completas, publicadas no portal de transparencia do Concello de Sarria (carpeta 1.7.2): sede.sarria.es

Sarria a 15 de xullo de 2019.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martinez.

R. 2219

**TRIACASTELA***Anuncio*

O Pleno do Concello de Triacastela, en sesión celebrada o 11 de xullo de 2019, acordou iniciar un expediente de desafectación dun tramo do camiño de uso público identificado catastralmente como parcela 9004 do polígono 33 (referencia catastral 27062A0330900400004WR) para a súa posterior permuta por unha superficie de 70 m2 da parcela 17 do polígono 33, propiedade de D. Manuel Moeda Fernández.

De conformidade co establecido no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais o expediente sométese a información pública durante un mes que comezará a contarse desde o día seguinte ao publicación do presente anuncio no BOP, co fin de que, dentro do antedito prazo, os interesados poidan examinar o expediente e formular as alegacións ou observacións que estimen pertinentes.

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia

Triacastela, 12 de xullo de 2019.- A Alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 2220

---

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

**Expediente: A/27/02762**

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 13 de diciembre de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Aurelia Rodríguez López, Fernando Arias Rodríguez y Enrique Arias Rodríguez, la oportuna novación de 0,13 l/s de agua procedente del río Pequeño, denominado río Celeiro por el peticionario, en el lugar de A Rañoá, parroquia de Barbadelo (Santiago), T.M. de Sarria (Lugo), con destino a riego de 0,2464 has, otorgada por resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte de fecha 22 de abril de 1996, y la modificación de características de la novación consistente en el incremento del caudal a derivar a 0,67 l/s.

Lugo, EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2221

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.**

**EXPEDIENTE: V/27/01193**

**PETICIONARIO: José Manuel Blanco Cordido**

**VERTIDO**

**DENOMINACIÓN: Almacén agrícola en Soñar**

**LOCALIDAD: Soñar Soñar (San Pedro)**

**TÉR. MUNICIPAL: Lugo**

**PROVINCIA: Lugo**

**RÍO/CUENCA: Rego das Campiñas/Campa da Barra de**

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Almacén agrícola en Soñar" – "José Manuel Blanco Cordido", con un volumen máximo anual de 197,00 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 9 de julio de 2019.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2222